

A miña viaxe a Roma

Sábado 6 de febreiro de 2016.

A noite anterior case non durmira, mais non estaba nada cansa. A emoción provocaba en min unha sensación que me despertaba e me poñía eléctrica.

Nunca antes estivera nun aeroporto, nin tampouco viaxara en avión. Todo era novo. Recoñezo que non me imaxinaba os avións da maneira como son, de feito, cando entrei pensei que era unha broma, asemellábase mais ben a unha maqueta ou un avión de xoguete. Custábame crer que aquel bicho de metal puidese voar. Durante o traxecto non tiveron ningún problema, salvo pola dor de oídos que era un pouco irritante, pero pagaba a pena soamente polas vistas. Engaiolaba mirar pola fiestra e ver dous tons diferentes de azuis mesturados coa cor branca das nubes, que semellaban a lá. Margarita encargouse de que a viaxe fose o máis cómoda posible, ofrecendo sempre comida e preguntándonos que tal estabamos.

Chegamos a Fiumicino!

Collemos as maletas e puxémonos de camiño ao hotel. Creo que no autobús fun capaz de recuperar o sono da noite anterior.

O hotel estaba en fronte de Termini, un edificio cheo de tendas e bares, onde tamén estaba a estación de metro. A recepción era pequeniña, e o ascensor aínda máis. Eramos demasiados, polo que tivemos que subir as maletas polas escaleiras ata un cuarto, pensei que ía morrer polo camiño. E o peor non era iso, o

peor era que aquilo se parecía máis a un labirinto que a un hotel: os corredores eran todos iguais!



Cando por fin cheguei á habitación deiteime na cama e pensei que non me ía levantar endexamais, pero non, Margarita quería dar un “paseíño” pola cidade. Non cheguei a contar a cantidade de igrexas que nos ensinou esa tarde, mais foron moitas, moitísimas. Aínda despois da camiñata agotadora, o cansa que estaba de estar todo o día coa maleta para arriba e para abaixo, e a dor de pés... Todo iso valeu a pena soamente polo intre no que chegamos á Piazza di Trevi e puiden admirar a maxestuosidade coa que se erguía a Fontana. Na miña mente tiña a idea de que me ía facer sentir pequena e insignificante, sen embargo, para a miña sorpresa, fíxome sentir enorme. Coma se non houbera nada máis importante que o feito de que eu estaba alí. Nunca tiveron unha sensación semellante a aquela.

De seguido fomos cear ao barrio de Trastévere, que estaba cheo de xente e había música por todas partes. Un lugar perfecto para pasar un bo rato.

De volta cara o hotel ninguén quería andar porque estaba moi lonxe, polo que collemos billetes para o “tran”.

Cando por fin chegamos á nosa “casa temporal”, fomos durmir porque non podíamos máis.

Domingo 7 de febreiro de 2016.

Pola mañá tivemos unha visita coa mellor guía de toda Italia, Laura. Fíxose longa de máis, iso si, pero o entretida que foi non llo quita ninguén.

A visita ao Panteón creo que sen dúbida foi o que máis me impactou, con esa cúpula tan abraiante, as columnas tan xigantescas, o chan tan brillante...



Pola tarde xusto despois de comer fomos aos Museos Capitolinos.

Cando saímos do museo tiñamos tempo e todos querían ir ao Hard Rock Café andando, pero a min non me apetecía, así que quedei por Termini dando un paseo e logo marchei para o hotel cear e descansar.

Luns 8 de febreiro de 2016.

Comezamos forte o día cun madrugón despois de non durmir apenas nada. A miña cama supletoria era moi incómoda, e ademais collín un catarro.

Ás nove da mañá andabamos diante do Coliseo camiño ao Foro Romano e o Palatino. Espectacular, aínda que non tanto como o Coliseo. Se ademais contas coa mellor guía de Roma, a experiencia faise aínda máis inesquecible se cabe.

Tras os millóns de fotos buscamos un restaurante onde comer.

Durante as seguintes horas visitamos templos, igrexas (xa iríamos polo centenar, máis ou menos), e o Circo Massimo, ademais da Piazza del Popolo. Volvemos

máis cedo ao hotel para poder descansar un pouco e poder facer cada un o que quixese. Eu fun con Alba dar un paseo ata os postos de libros que había nunha rúa detrás de Termini. Para cruzar as rúas tiñamos que correr, porque os coches non paraban case nin con semáforo vermello.

No camiño atopamos un grafiti en latín que nos gustou moito: “Edamus bibamus gaudeamus primum vivere deinde philosophari” (comamos, bebamos, disfrutemos, primeiro vivir, logo filosofar). Despois fomos comprar de cear e bromeamos co camareiro que nos atendeu.



Chegamos ao hotel, Alba foi para a súa habitación, eu ceei no cuarto e fun para a saliña ata que me entrou o sono.

Lidia Leis García

Martes 9 de febreiro de 2016

O primeiro que fixemos aquela mañá foi ir ao museo do Vaticano, inmenso e precioso. Os cadros e as esculturas eran moi bonitas si, mais a vista desde a cúpula realmente foi capaz de deixarme sen fala, e non foi por subir case cincocentas escaleiras polas que só collía unha persoa. O único malo foi a baixada, as escaleiras estaban tan empinadas que me daban tanta vertixe que me tiña que agarrar ás paredes.

Cando baixamos da cúpula perdinme cun grupo de alumnos e, sen comelo nin bebelo, acabamos na Basílica. Tamén foi quen de deixarme sen palabras. A pesar de non ser unha gran seguidora de Deus, conseguiu emocionarme de tal xeito que

me poñía a pel de galiña ao ver a cantidade de xente que había facendo cola ás portas. Quedoume marcado, e en concreto un home que estaba no medio da Basílica de xeonllos rezando, e unha muller minusválida que choraba en silencio á miña beira. Moveume algo por dentro.

Cando por fin nos atopamos co resto do grupo, saímos e puidemos observar moito máis de perto á xente que esperaba. Había curas de todas as partes do mundo cantando a mesma canción.

O resto da tarde pasámola paseando de museo en museo. Aquela noite foi a última que collemos un urbano, un espazo onde te podes atopar calquera cousa. Tamén foron os nosos últimos momentos na Fontana di Trevi, e aproveitei para tirar as miñas tres moedas tal e como indicaba nunha guía turística que atopara nun banco. Decía que se debían tirar tres moedas cos seguintes propósitos: a primeira era para volver algunha vez á cidade Eterna; a segunda para namorarte dun italiano; e a última para chegar ata o altar. Os dous últimos tanto me teñen, mais agardo que o primeiro desexo sí se cumpra algún día.

Non quería volver ao hotel, quería quedar alí para sempre vendo como a xente se emocionaba igual ca min o primeiro día.

Cando chegamos ao pequeno hotel tiven unha estraña sensación, non sabía se era do sono ou qué era. Empuxei a porta principal e recibín un “buonanotte” dos recepcionistas. Subín as brancas escaleiras

noite laretando nas escaleiras de madeira ata que só quedamos tres rapazas e fomos descansar os ollos un pouco.



ata a terceira planta. Os corredores seguíanme a parecer un labirinto igual que o primeiro día, pero de repente apareceron as últimas escaleiras que me levaban á miña planta. Aquelas escaleiras de madeira que me resultaban tan familiares... tanto, que sabía exactamente onde renxerían ao ser pisadas. O espello colocado na parede, as portas de madeira con aqueles pomos tan esaxeradamente grandes, a porta de emerxencias que se a abrías daba sensación de que te levaría cara ao mesmo inferno. Todo me era familiar. Entrar na habitación, deitarme na cama e recoñecer o olor das sabas. Saír á fiestra e o arrecendo que me facía sentirme como na casa. Sentir o perfume da Cidade Eterna. Sentirme eu eterna.

Esa noite as mozas quedamos en que non iamos durmir. Entón pasamos case toda a

Mércores 10 de febreiro de 2016

Sen apenas durmir tiñamos que madrugar moito, e levantámonos tan tarde que case non tivemos tempo de almorzar. A viaxe no bus fíxose breve porque a maior parte do tempo o pasei durmindo, aínda que resultou un tanto incómodo, xa que non tiña onde apoiar a cabeza e íame cara os lados.

Antes de chegar a Nápoles fixemos unha paradiña nun museo e nun anfiteatro de Capoa, que non era nin a metade de alucinante que o Coliseo. Despois de comer por fin collemos o autobús cara o noso destino. O hotel era moito máis grande que o de Roma, mais prefería o Siracusa sen dúbida. Desta vez aloxámonos na primeira planta, polo que non nos custou subir as maletas.

Xoves, 11 de febreiro de 2016.

Aquela mañá non madrugamos tanto porque nos tocara o segundo turno de almorzo. O bufete non era unha marabilla, o do outro hotel era moito mellor.

A viaxe no autobús cara Pompeira fíxose máis longa por culpa do accidente dun camiión. Aproveitei aquel tempo para durmir o que non durmira a noite anterior.

A primeira media hora que estivemos alí foi moi interesante; as casas feitas de pedra, as rúas, os restos da xente que quedara alí, as pinturas... Pero logo comezou a ser todo exactamente igual e monótono.

Pola tarde paseamos por Nápoles despois de facermos a visita a un museo. A noite ceamos e fomos durmir.

Venres, 12 de febreiro de 2016

Puxemos a alarma para as seis e media da mañá, mais resultou que aos deuses lles apetecía que quedáramos durmidas. Chegamos dez minutos tarde ao almorzo e por pouco non comemos. Fixémolo ás présas porque non faltaba nada para coller o autobús e ir aos Campos Flégreos. De camiño tiña ganas de durmir, pero non me quería perder as vistas do Lago Averno.

Pola tarde queríamos durmir a siesta, polo que quedamos no hotel. Mais como eu non era capaz de durmir, fun á terraza que había en fronte da miña habitación. Quede alí un anaquiño mirando as vistas, e cando quixen entrar non podía, a porta non abría. Quedara encerrada, e non tiña como avisar

ás miñas amigas. Estaba sentada no chan, cando de repente apareceu un rapaz polo corredor, entón comecei a petar na porta para que me viñese abrir. Entre risas preguntoume que me pasara e eu conteillo, o cal lle fixo máis graza.

Á noite fixemos xogos con Margarita e todos os rapaces, porque era a última noite e queriamolo pasar ben.

Sábado, 13 de febreiro de 2016

Estaba moi cansada, soamente quería durmir e o autobús non era o mellor sitio para facelo. Cando chegamos ao aeroporto de Fiumicino andabamos todos un pouco nerviosos. As horas pasaban rápido, e no avión disfrutei moito do voo. O mar era precioso visto desde arriba. Mentres cruzabamos o Mediterráneo e subiamos entre as nubes, imaxinei que en calquera momento ia atoparme a Zeus dando un paseo aproveitando os últimos raios de sol. Cando cheguei a Santiago parecía que pasaran anos. Como botara de menos a miña terra!

Alba Tuñas. 1º Bach.-B